

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

O Deputado Delegado do Centro de acollida e protección de animais (CAAN), en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

NUMERO EXPEDIENTE	2024005021
ASUNTO	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASPIRADO, LIMPEZA E XESTIÓN DE RESIDUOS ORGÁNICOS XERADOS NO CENTRO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DE ARMENTEIRA (CAAN)
TRÁMITE	Incoación do expediente

O artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón que a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 LCSP.

1. NECESIDADE E IDONEIDADE

O abandono de animais é un dos problemas de máis difícil solución co que se teñen que enfrontar os distintos concellos da nosa provincia xa que en numerosos casos os propietarios optan por abandonar ós animais na vía pública o que, ademais de evidenciar un problema de tipo humanitario, supón un grave problema de salubridade pública e seguridade viaria. A necesidade de prestar o servizo de recollida de cans abandonados e o seu posterior traslado a un establecemento adecuado era algo que demandaban moito os concellos da nosa provincia, como responsables desta competencia, xa que a maioría segue sen contar cos medios suficientes para asumir a realización individualizada dunha actividade que transcende o interese propio das correspondentes entidades locais.

Para dar solución a este grave problema a Deputación Provincial de Pontevedra aprobou, o 27 de xullo de 2012, un Convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación deste servizo e no que se contempla unha delegación do exercicio das competencias municipais nesta materia a favor da Deputación. De momento xa son 52 os concellos adheridos ao servizo provincial que suman máis de 400.000 habitantes.

Este Centro de acollida de animais abandonados dispón dunha depuradora de augas residuais baseada en tratamento biolóxico mediante lecho bacteriano, polo que faise preciso o control e mantemento desta EDAR así como da rede de saneamento de augas residuais e da retirada e xestión dos lodos biolóxicos e material biolóxico non degradado

Por Resolución Presidencial número 2022002474 adxudicouse á empresa Oys Fernández S.L.U (NIF B-36124212) por dous anos (sen prórrogas), o servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos



xerados no Centro de acollida de animais abandonados de Armenteira da Deputación de Pontevedra, formalizándose dito contrato o 1 de abril do 2022.

Tendo en conta que o citado contrato está próximo a expirar e que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para iso, é necesaria unha nova contratación do servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados no Centro de acollida de animais abandonados de Armenteira

2. SERVIZO SOLICITANTE:

Asistencia Intermunicipal

Responsable do contrato:	María Martínez Abraldes, Xefa da sección de residuos, Servizo de Asistencia Intermunicipal.
Responsable da Administración:	O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, Gabriel Rodríguez Alonso

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES:

Denominación do contrato:	Servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados no centro de acollida de animais abandonados de Armenteira (CAAN)
Obxecto e contido:	<p>O obxecto do contrato é a xestión de lodos de depuración: aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados polos cans e depositados nos pozos de decantación e filtración, mediante camión equipado con bomba de aspiración e transporte a centro autorizado de tratamento, de acordo co seguinte detalle:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Retirada mensual de ata 21 metros cúbicos de residuos acumulados nos pozos de decantación mediante camión equipado con bomba de aspiración e transporte a centro autorizado de tratamento. -Retirada semestral dos residuos decantados no tanque de regulación anterior á estación depuradora, así como os residuos decantados no propio tanque da estación, con vehículo especial e transporte a centro autorizado de tratamento.
CPV:	90500000-2 (servizos relacionados cos desperdicios e residuos).



Lotes	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON:	Xustificación: A realización independente das prestacións obxecto de contrato dificultaría a súa correcta execución dende un punto de vista técnico.

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA:	
Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <div style="border: 1px solid black; height: 60px; width: 100%;"></div>
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN:		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/923.1705.227.07	21.037,50
2025	25/923.1705.227.07	28.050,00
2026	26/923.1705.227.07	7.012,50

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN:	
Prazo de execución/duración do contrato:	O prazo de duración será de dous anos, contados desde a súa formalización
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON Número de prórrogas: Duración da prórroga:



7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:	
CONCEPTO	CUSTO
Custo	51.000,00 euros
IVE (10%) (artigo 91.2.5º da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido)	5.100,00 euros
TOTAL	56.100,00 euros

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS

Os prezos establecidos adecúanse aos prezos de mercado:

Retirada mensual de ata 21 metros cúbicos de residuos acumulados nos pozos de decantación é:

Importe sen IVE 1.800,00 €
 IVE (10%)180,00€
 Prezo total do contrato (con IVE)1.980,00 €

Retirada semestral dos residuos decantados nos tanques é:

Importe sen IVE 1.950,00 €
 IVE (10%) 195,00 €
 Prezo total do contrato (con IVE) 2.145,00 €

No prezo están incluídos os custos de todos os medios persoais e materiais necesarios para realizar as prestacións que constitúen o obxecto do presente contrato, incluída a man de obra, desprazamentos, maquinaria, os gastos de xestión dos residuos por un centro autorizado de tratamento, etc...

8. RÉXIMEN DE PAGOS:

O pago realizarase contra a presentación das correspondentes facturas mensuais ou semestrais, segundo o servizo que corresponda, unha vez prestada a conformidade do responsable do centro xestor.



9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS:	
<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input checked="" type="checkbox"/> Servicios (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	<input checked="" type="checkbox"/> NON: o código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input type="checkbox"/> Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)

10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA:	
Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI
	<input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	
<input type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación procedemento aberto simplificado abreviado)
SOLVENCIA TÉCNICA	
<input type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación procedemento aberto simplificado abreviado)
COMPROMISO DE MEDIOS	

11. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:	
Criterio:	Ao estar as prestacións completamente definidas no prego de prescricións técnicas que se adxunta, propónse o prezo como único criterio de adjudicación; basease a determinación da



	desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios no se consideran transcendentales para estes efectos.
Xustificación:	Co obxecto de promover a axilidade e obxectividade nos procedementos, optárase, como regra xeral, por incluír criterios avaliábeis mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, xa sexan criterios cualitativos ou económicos.

12. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

Sobre: 1 (único) Documentación administrativa e documento correspondente á proposta avaliábel mediante fórmulas (criterios automáticos)

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución da Presidencia de data 8 de agosto de 2023, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nos Deputados/as Delegadas/os das súas respectivas áreas.

Dispoño,

Primeiro.-Iniciar o expediente para a contratación do servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados no centro de acollida de animais abandonados de Armenteira (CAAN).

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e se eleve ao órgano de contratación para a súa aprobación:

- **Documento contable RC** (retención de crédito), certificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para levar a cabo a contratación.
- **Prego de prescricións técnicas (PPT).**

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O Deputado Delegado do CAAN.

Marcos Guisasola Padín.

